

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 8 de abril de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"5.- Acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Carballo, sobre a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias do persoal dos equipos asistenciais das unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día de drogodependencias (CONV. 09/2019).

Foi recibido con rexistro de entrada nº 2232/2019 de 22 de marzo o acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Carballo, sobre a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias do persoal dos equipos asistenciais das unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día de drogodependencias.

Vista a proposta do Sr. Alcalde de data 26/03/2019, no expediente 2019/A006/000009, en uso das atribucións que ten conferidas (decreto de delegación núm. 1938/2015 de 16/06/2015), a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros (7), acorda:

Primeiro.- *Aprobar o acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Carballo, sobre a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias do persoal dos equipos asistenciais das unidades asistenciais de drogodependencias e unidades de día de drogodependencias.*

Reunidos

Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, del 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1998, de 20 de outubro e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente (modificados por Decreto 111/2013, do 4 de xullo).

Don Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde do Concello de Carballo, en virtude das atribucións de representación outorgadas polo artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

Antecedentes

Primeiro

A Consellería de Sanidade ten entre os seus obxectivos fundamentais participar na definición das prioridades da atención sanitaria baseándose nas necesidades de saúde da poboación, e dar efectividade ao catálogo de prestacións e servizos que se poñen ao servizo da poboación coa finalidade de protexer a súa saúde.

De conformidade co artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia configúrase o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. O Servizo Galego de Saúde está adscrito á Consellería de Sanidade, que exercerá sobre el as facultades de dirección, vixilancia e tutela e, en particular, o exercicio das potestades regulamentarias e de organización.

Segundo

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en

Exp. 2019/G006/000169

Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos adicados á saúde mental.

Así mesmo, a dita subdirección, segundo o Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, asumiu as funcións asistenciais que se lle asignaban ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

Terceiro

De conformidade co artigo 16.1 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre Drogas, os poderes públicos da Comunidade Autónoma galega garantirán, en iguais condicións ca ó resto da poboación, o proceso de atención ó drogodependente nos servizos sanitarios e sociais, respectando os dereitos e as obrigas que establece a normativa básica e autonómica nesta materia. Neste mesmo sentido, no artigo 18.1. dise que as administracións públicas de Galicia velarán polo desenvolvemento das actividades asistenciais precisas para o tratamento dos diversos problemas derivados do consumo de drogas, a desintoxicación, a deshabitación-rehabilitación e a atención ás complicacións orgánicas, psíquicas e sociais e ás urxencias derivadas do uso das drogas.

Cuarto

Segundo o artigo único da Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, os centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

Quinto

A Consellería de Sanidade, mediante a Orde do 7 de xullo de 1988 sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitarios-asistenciais de tratamento de drogodependencias, estableceu as condicións e requisitos mínimos que estes centros ou servizos deben cumprir para poder ser autorizados como centros ou servizos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias. Dentro da tipoloxía básica contemplada nesta orde, as unidades asistenciais de drogodependencias son as que exercen un papel principal e vertebrador de toda a estrutura asistencial.

Nesta orde establécese que as unidades asistenciais de drogodependencias deben de estar dotadas do seguinte persoal, con garantía de servizo durante o horario de funcionamento: un médico-psiquiatra ou, no seu defecto, un médico, un psicólogo e un asistente ou traballador social.

Sexto

O Concello de Carballo dispón dunha unidade asistencial de drogodependencias autorizadas como centros sanitario-asistenciais en base a Orde do 7 de xullo de 1988 sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitarios-asistenciais de tratamento de drogodependencias.

A dita unidade sanitario asistencial desenvolve programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade, equidade e gratuidade.

Dita atención comprende, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

Sétimo

Para desenvolver máis eficazmente a súa xestión, a Consellería de Sanidade pode formalizar acordos, convenios ou outras fórmulas de xestión integrada ou compartida con outras entidades —públicas o privadas— encamiñados a lograr a coordinación óptima para aproveitar mellor os recursos sanitarios dispoñibles.

Oitavo

O tratamento e as comunicacións de datos de carácter persoal que se leven a cabo deberán respectar as previsións contidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en adiante, RXPDP).

Neste sentido, o artigo 6.4 do citado Regulamento entende que o tratamento de datos persoais consistente na cesión dos mesmos dunha Administración a outra será lícito se os devanditos datos se utilizan para un fin que non sexa distinto, é dicir,

Exp. 2019/G006/000169

que non altere a finalidade para a cal foron recabados. No caso concreto dos datos de saúde, o artigo 9.2 do mesmo establece os supostos que amparan o tratamento deste tipo de datos.

Resulta tamén de aplicación a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, que adapta a nosa lexislación nacional ao referido no Regulamento europeo.

Noveno

De acordo co anterior, a fin de cumprir as previsións da normativa vixente en materia de protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, cómpre establecer as cláusulas que regularán a cesión de datos de carácter persoal relativos á información e documentación clínica das persoas con trastornos aditivos atendidas na unidade asistencial de drogodependencias xestionada polo Concello de Carballo.

As partes recoñecen mutuamente a capacidade legal necesaria para formalizar este acordo de colaboración, que someten ás seguintes:

Cláusulas

Primeira: Obxecto e finalidade

O presente acordo ten por obxecto regular as condicións nas que se levará a cabo entre as partes a cesión ou comunicación de datos de carácter persoal necesarios para a realización de determinadas tarefas propias do persoal dos equipos asistenciais da unidade asistencial de drogodependencias da que dispón o Concello de Carballo.

Na súa virtude, o Concello de Carballo obrígase á ceder ao Servizo Galego de Saúde os datos de índole sociosanitario recabados no exercicio das funcións inherentes a asistencia en materia de adiccións correspondentes ás persoas que manteñen tratamento na unidade asistencial de drogodependencias da que é titular este Concello.

Dita actividade se realiza segundo o disposto no “Circuito de Asistencia sanitaria aos tratamentos adictivos en Galicia”, de xeito acorde co “Catalogo de programas asistenciais de drogodependencias” e ao abeiro do convenio de colaboración establecido entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ao que este Concello tense adherido para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Estes datos serán incorporados a Historia Clínica Única do Servizo galego de Saúde e ao aplicativo de xestión asistencial Xeceas Web do Servizo galego de Saúde coa finalidade de mellorar os servizos de prestación de asistencia sociosanitaria pública ás persoas que presentan trastornos aditivos, favorecendo a coordinación das actuacións realizadas polos profesionais destas unidades e do servizo público de saúde a fin de realizar unha intervención integral.

Quedarán constancia no Xeceas Web daqueles pacientes cuxos datos teñan sido cedidos a fin de que as persoas interesadas poidan exercer os seus dereitos en materia de protección de datos.

Para o cumprimento deste acordo as partes axustaranse, ademais de a normativa que con carácter xeral resulte de aplicación, ás seguintes disposicións normativas:

1.1. Normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal:

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

1.2. Normativa de carácter sanitario, especialmente no que a tratamento de datos de carácter persoal se refire:

Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e deberes en materia de información e documentación clínica.

Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Lei 3/2001, de 28 de marzo, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

Así mesmo as partes axustaranse, no que resulte de aplicación, a normativa que modifique ou substitúa devanditas disposicións normativas.

Segunda. Características dos datos a ceder.

Serán obxecto de cesión única e exclusivamente aqueles datos xerados nas actividades desenvolvidas na unidade de asistencia as drogodependencias do Concello de Carballo ao abeiro do convenio de colaboración suscrito co Servizo Galego de Saúde para o desenvolvemento de programas de asistencia sanitaria en materia de drogodependencia, referido na cláusula anterior.

Exp. 2019/G006/000169

En concreto serán obxecto desta cesión aqueles datos pertencentes a aquelas persoas que manteñan tratamento neste dispositivo durante a vixencia do presente acordo, e daqueles outros que tiveran realizado algún programa de asistencia sanitaria nos derradeiros cinco anos.

Incluiranse aqueles datos de índole sociosanitaria recadados polos profesionais destas unidades asistenciais e de identificación persoal actualmente arquivados no aplicativo Xeceas Clipper, entre os que se atopan datos de identificación persoal, situación social, programas de tratamento aos que permanece adscrito, histórico dos resultados de ouriñoanalise para a detección de sustancias, e pautas de prescrición de farmacolóxica, entre outros.

Esta información será incorporada ao aplicativo Xeceas Web de xestión asistencial da rede de asistencia a drogodependencias, propiedade do Servizo Galego de Saúde. Co fin de mellorar a coordinación entre os diferentes profesionais do Servizo Galego de Saúde que levan a cabo intervencións sanitarias, e mellorar a asistencia prestada dende todos os dispositivos, especialmente os servizos de urxencia, os datos relativos as determinacións de laboratorio e as prescricións de derivados opiáceos tamén serán incluídas nos ficheiros da historia clínica electrónica propiedade do Servizo Galego de Saúde.

Terceira. Condicións da cesión

Dado que a cesión de datos á que se refire este acordo comporta a identificación de concretas persoas físicas, convértese nunha comunicación de datos de carácter persoal, á cal resulta amparada polo artigo 9.2 do Regulamento (UE) 2016/679, en consonancia co disposto na Disposición adicional decimosétima da Lei Orgánica, 3/2018, do 5 de decembro.

Para poder ceder os datos de carácter persoal e de índole sociosanitaria recollidos polo persoal da unidade asistencial de drogodependencias xestionada polo Concello de Carballo no exercicio das súas funcións inherentes á asistencia en materia de adicións ao Servizo Galego de Saúde é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- a. *Que o concello teña correctamente documentado o tratamento dos datos realizado.*
- b. *Que no citado tratamento estea prevista a cesión de ditos datos a algunha administración pública.*

A partir da comunicación destes datos, a Consellería de Sanidade, como responsable do sistema de información do Sistema Público de Saúde de Galicia, pasará a ser responsable dos mesmos e establecerá as condicións de acceso e as políticas de seguridade necesarias para salvagardalos.

Cuarta. Entrada en vigor e duración do acordo

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, finalizando a súa vixencia cando se acade o seu obxecto. En todo caso, non se prolongará mais alá do 31 de decembro de 2019, agás que as partes o acorden expresamente, antes da finalización do prazo de vixencia, consonte o establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Quinta. Financiamento

As actuacións previstas no presente acordo non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.

Sexta. Causas de resolución

Serán causas de resolución deste acordo:

- a) *O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga do mesmo.*
- b) *O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.*
- b) *O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.*

Sétima. Comisión Mixta de Seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento integrada por:

- *A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, ou persoa que designe.*
- *A persoa titular da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade, ou persoa que designe.*
- *O/A alcalde/sa do Concello de Carballo, ou persoa que designe.*

Dita comisión será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente convenio, e dos convenios específicos que se asinen ao abeiro deste.

A Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

Á Comisión Mixta correspóndenlle, entre outras, as seguintes funcións

- a) Impulsar e debater as iniciativas e accións que se propoñan levar a cabo en cumprimento do obxecto do presente acordo.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente acordo, e as súas posibles modificacións.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución do presente acordo.

Oitava. Natureza xurídica do acordo

Este acordo ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A xurisdición competente para dirimir os conflitos que puidesen resultar deste será a contencioso-administrativa.

Novena. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste acordo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

Segundo. - O Sr. Alcalde asinará o convenio e dictará as ordes oportunas para a súa execución."

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.

O alcalde